



- Lémbrese a tódolos xogadores que non poden traer teléfono móbil á sala de xogo. Asemade está prohibido traer calquera outro medio electrónico de comunicación.
- Lémbrese ós xogadores que deberán comportarse de forma que non deshonren o xogo do xadrez, en caso contrario se lles dará a partida por perdida.
- O non cumprimento do protocolo COVID DXT Galego para xadrez por parte dalgún xogador pode ocasionar a perda da partida ou a expulsión do torneo.
- Perderá a partida o xogador que se presente na Sala de Xogo con máis de 30 minutos de retraso con respecto á hora de inicio da ronda. En ambos casos, quedará a criterio do Árbitro flexibilizar o tempo de tolerancia.
- A incomparecencia non xustificada dun xogador causará a súa automática eliminación do Torneo.
- Non se permitirán análises de partidas na sala de xogo.
- Recoméndase aos participantes a notificación a algún árbitro cando, por razón xustificada, abandonen a sala de xogo no transcurso das súas partidas. Queda prohibido ós xogadores o acceso á sala de análise mentres as súas partidas estean en xogo.
- Unha vez rematada a partida, os xogadores chamarán ó árbitro á súa mesa e lle comunicarán o resultado segundo o protocolo COVID DXT Galego para xadrez.
- Unha vez colocada a ronda en info64 haberá media hora para reclamacións. Pasado ese tempo, non se admitirá a trámite ningunha posible reclamación.
- A organización resérvase o dereito a modificar as Bases do torneo sen outra obriga ca de publicalas na páxina web oficial do torneo ou no taboleiro de anuncios do torneo.
- Director dos Campionatos: Gaspar Pérez Carnero, presidente da FEGAXA e coordinador do protocolo federativo coa Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo o apartado 6º do protocolo COVID DXT Galego para xadrez o coordinador para a implementación e seguimento do protocolo federativo, que será o interlocutor coa Secretaria Xeral par o Deporte, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento é o director dos campionatos galegos.

Será responsable de supervisar ou controlar o test ou control de saúde dos deportistas, técnicos e árbitros nas acreditacións do primeiro día de competición. Encargarase do cumprimento do protocolo e da comunicación es seguimento das sintomatoloxias COVID que puidesen existir.

O árbitro principal

O árbitro adxunta

Evaristo Rodríguez López

David Roca Vilariño